

XOGOS PARA TRABALLAR A LINGUAXE

1.- **MENSAXEIRO.**- Envíe ó nen@ á sala de estar a que diga ó resto da familia que a comida xa está preparada, mándeo á casa do veciño a buscar algo,

2.- **XOGO DAS FOTOS.**- Móstrelle fotos familiares (de revistas, de folletos, ...).

Fágalle preguntas do tipo: “¿Quen está rindo? , ¿Quen está de pé? , ¿Quen está sentado? , ¿Quen está xunto de mamá?. Pídalle que identifique e nomee o que ve. Pódense clasificar as fotos por conxuntos: animais, comidas, roupa, ...

Exercite a **memoria**: “Acórdaste onde está? , ¿Onde puxemos a foto de?”

3.- **XOGO DAS TENDAS.**- Con obxectos coñecidos e introducindo obxectos novos, presentándollos e nomeándoos previamente, dicimos: “Vai á tenda e tráeme”.

Pídalle os obxectos polo seu nome, cambie as posicións e as situacións dos obxectos.

Exercite a **memoria**: “ ¿Onde estaba? , ¿Onde gardamos ...?.

4.- **XOGO DAS MIL CARAS.**- “Ensíname que cara porías cando estás” (enfadado, contento, cansado, asustado, triste,)

5.- **XOGO DE REPRESENTACIÓN.**- “Imos facer como si” (corremos, durmimos, saltamos, comemos, lavamos os dentes,))

6.- “**VEO, VEO**”. Exercitámo-la **memoria**, a **imaxinación**, a **descrición**. Para que sexa máis fácil, ó principio empezamos por conxuntos de: alimentos, vehículos, oficios, personaxes,

7.- **CANDO PASEAMOS**, imos en coche, falamos e non nos aburrimos.

“Imos buscar coches de cor verde (azul, vermello,)”